



Expte. Advo. Electrónico 2952/2024	Concello de Verín
ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR: Enerxía Renovable FOTOVOLTAICA_Edificio Pavillón Deportivo Rúa Irmáns Moreno_ IN422K- 165_MRR\$zlyt5jx57cwwZZkA	

DECRETO

GERARDO SEOANE FIDALGO
ALCALDE DO CONCELLO

Vista a memoria técnica de instalación de autoconsumo e almacenamento no sector residencial, as administración públicas e o terceiro sector presentada en virtude de resolución de 28 de outubro de 2021 da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e o terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).

Vistas a oferta recibida para a execución do contrato mixto de subministro e colocación de paneis solares no **Pavillón Deportivo da Rúa Irmáns Moreno**, presentada por:

Electricidad Fragus S.L., con importe total IVE Incluído de **11.364,78€**

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato mixto de subministro e colocación de paneis solares no Pavillón de Deportes da Rúa Irmáns Moreno, por importe de 9.392,36€ máis 1.972,4€ en concepto de IVE, é dicir, a cantidade de 11.364,78€. Prazo de execución dun mes.

SEGUNDO.- Dispor o gasto correspondente de acordo co informe de intervención.

TERCEIRO.- Dar conta de presente resolución á intervención e á tesourería a efectos de practicar as anotacións contables que correspondan.

CUARTO.- Aprobar as cláusulas aplicables aos pregos de contratación financiados polo PRTR e anexos correspondentes que se incorporan como anexo ó presente DECRETO, formando parte indisoluble do Contrato, debendo ser asinados polo adxudicatario.

QUINTO.- Publicar anuncio de formalización do contrato no perfil do contratante en prazo non superior a 15 días tras a perfección do contrato.





SEXTO.- Notificar a adxudicación a Electricidad Fragus S.L., debendo asinar electronicamente o contrato, a través do seu representante, e, conforme ao artigo 153 da LCSP, non máis tarde dos DOUS DÍAS seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.

Así o acordo, mando e asino, en Verín, ante a Secretaria Accidental que da fe, na data reflectida á marxe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

